

Ola nenos e nenas! Que tal estades?

Acordádesvos de que na clase comezamos a falar un pouco da auga? E todavía sabedes quen é a Fada Pinguíña? Podedes recordala no conto *Á auga patos* de Flocos de Millo (unidade catro: https://www.edistribucion.es/algaida/2903336/cuentos_m.html)

Podedes falar en casa sobre cando a empregades vós, como é, onde se pode atopar, para que é importante... ademais, atoparedes á Fada Pinguíña neste documento para que as vosas familias tamén a coñezan, e poidades tela na casa. Acordádesvos de que color eran as súas prendas de roupa? Si, eran azuis, moi ben! Xa estades listos para pintala ou podedes rasgar recortes de revistas ou papeis para pegalos no seu corpo.

E recordade que pasa coa Fada Pinguíña cando facemos un mal uso da auga... Non a malgastedes!

Ademais podedes pedir que vos escriban a palabra AUGA nun folio (ou descargala dende este documento): coñecedes algunha letra? Algunha a tedes tamén no voso nome? Despois rodeade a letra A e repasádeas co dedo ou cun rotulador, cantas hai?

Investigade na casa os lugares onde hai auga e para que se emprega en cada un deses sitios, neste documento atoparedes unha actividades para relacionar as gotas de auga cos números e tamén debuxos para pintar nos que está presente a auga, a ver si adiviñades para que se está empregando.

Por último vouvos propoñer unha actividade moi divertida para que fagades: EXPERIMENTOS CON AUGA! Así podedes aprender máis sobre ela.

Podedes escoller os que máis os gusten, mirar só como se fan, buscar algún novo... e se vos falta algún material non o fagades, hai moitos onde escoller.

Se queredes podedes mandarme o meu correo electrónico (ucveducacioninfantil@gmail.com) fotos facendo os experimentos e as actividades, ou algún debuxo sobre a auga (río, mar, choiva...) con materiais que atopedes por casa.

1. A PEMENTA QUE ESCAPA

Materiais: un prato fondo, pementa negra, xabón e auga.

Pasos: Botamos auga no prato e a pementa. Despois metemos a punta do dedo, que pasa? E se na punta do dedo temos unha gota de xabón que pasa entón cando metemos o dedo na auga?

<https://www.youtube.com/watch?v=pVevJ4WvXG8>

2. FLOTA?

Nun recipiente con auga, metemos distintos obxectos (que teñades por casa) para observar o que sucede, algúns quedan na superficie e outros van para o fondo. Podemos intentar adiviñar que será o que suceda e despois comprobalo cos obxectos a ver se acertamos ou non. (Exemplo: culler, corcho, unha moeda, un tapón de plástico...)

Tamén podedes facelo con diferentes froitas (en auga limpa para non desperdicialas), non todas son iguais.

3. AUGA E ACEITE

Botamos aceite nun vaso con auga e vemos o que sucede. Intentamos removelo para ver si cambia algo. Que esta arriba e que está abaixo?

(Podemos probar engadindo cubitos de xeo e observando o que pasa e tamén botando unhas gotas de xabón líquido, que non sexa transparente).

4. CUBITOS DE XEO

Metemos auga na cubitera e no conxelador, que pasa horas despois? E se deixamos o xeo fóra?

5. MOEDA INVISIBLE

Materias: un vaso de cristal, auga e unha moeda.

Pasos: Nun vaso baleiro metemos a moeda e despois botamos auga: que pasa? Pero, se pomos a moeda debaixo do vaso e despois botamos a auga? Podedes ver a moeda?

(Hai que ver o vaso dende un lado, non dende arriba).

(<https://www.youtube.com/watch?v=iMLeD-3rn2M>)

6. A AGUA QUE CAMIÑA

Materiais: vasos, colorante (vermello, azul e amarelo), auga e papel absorbente.

Pasos: Colocade os vasos en fila e botade auga nos impares, a continuación botar 5 gotas de colorante en cada un deses vasos que teñen auga. O seguinte paso será dobrar as follas de papel absorbente pola metade e despois en sentido lonxitudinal, e conectalas co vaso seguinte. Por último teremos que esperar e ver que pasa. Hai novas cores? Que pasou coa auga dos vasos?

(O número de vasos pode variar, no exemplo hai 7 vasos e tres cores de colorante: Vaso 1 e 7: vermello, vaso 3: colorante amarelo, vaso 5: colorante azul e vasos 2, 4 e 6 baleiros).

(<https://www.youtube.com/watch?v=KN6gnmE-vLU>)

7. ONDE ESTÁ O OVO

Materiais: 3 vasos de cristal, 1 ovo, auga, sal e azucre.

Pasos: Botamos auga nos tres vasos. No primeiro non engadimos nada, no segundo engadimos sal e no terceiro azucre. Introducimos o ovo en cada un dos vasos e observamos o que pasa. Sempre o mesmo ou o ovo cambia de sitio?




A


G

D


A



1



2



3

